



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Rosa: Ola, benvidos e benvidas a un novo episodio de "Botar a lingua a pracer", Somos Eladia e Rosa,e, con moito gusto, imos contarvos a historia da literatura de comezos do século XX.

Eladia: Rosa, ti non querías saber máis do señor Alfonso Daniel Rodríguez Castelao... Pois abre as orellas... Sabes como se titula o podcast de hoxe?

Rosa: Sei oh! titúlase compañeiro Daniel, como o chamamos os amigos. Daniel tiña o sorrir aberto a tódalas desgrazas..

Eladia: Xa vexo que escoitaches a Otero falando de Castelao ao principio do podcast.Eran grandes amigos.

(Voz do discurso de Otero Pedrayo, colección As nosas voces, CCG)

Rosa: Canto o admira!!

Eladia: Como non o vai admirar!! Castelao non tiña acougo: viaxaba, escribía, facía política, debuxaba...

Rosa: Ei, Eladia, atende! ese balbordo de fondo que é? Onde me trouxeches desta volta?

Eladia: Neste xuño de 1936, estamos na vila da Estrada. Vimos escoitar un mitin que dá Castelao a favor do noso Estatuto de Autonomía.

Rosa: Castelao é un dos políticos máis importantes do PG, non é?

Eladia: Si!! os do PG andan por toda Galicia coa ilusión de convencer o pobo de que voten SI ao Estatuto.

Rosa: Estatuto para Galiza!!!! ...

(Ruido de avión)

Rosa: Mira, mira para o ceo! Un avión... que andan a botar?

Eladia: O que caen son exemplares do noso Estatuto. Corre, a ver se colles un para nós!

Rosa: Eladiaaaa, xa o teño, xa o teño!

Eladia: O que é ser nova, como corres!. A ver, leme, leme o que pon...



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Rosa: *Galicia organízase como rexión autónoma no Estado español, consonte a Constitución da República e o presente Estatuto. O seu territorio é o dos municipios comprendidos dentro dos actuais límites administrativos das catro provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. [Córtase co apuntamento histórico]*

APUNTAMENTO HISTÓRICO

- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao nace en Rianxo no 1886 no seo dunha familia mariñeira. Entre os 11-14 anos emigrará cos seus pais a Arxentina.
- En 1900 regresa a Galiza. Castelao inicia en Compostela os seus estudos de Medicina. Neste intre comeza a destacar como caricaturista.
- Na Pontevedra de 1916 entra en contacto coas Irmandades da Fala. A partir dese momento intensifica a súa actividade intelectual como artista e escritor.
- Coa proclamación da 2ª República, Castelao é elixido deputado e participa intensamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía para Galiza.
- O estoupido da guerra civil sorpréndeo en Madrid. Nunca máis voltará á súa terra. Vese obrigado ao exilio, onde continuará loitando en defensa de Galicia e da República.
- Falece o 7 de xaneiro de 1950 en Bos Aires. Hoxe en día os seus ósos descansan no Panteón de Galegos Ilustres en Santiago de Compostela.

PECHE CONTEXTO HISTÓRICO

Eladia: Como che ía dicindo, sen Castelao non se pode entender a cultura galega do século XX. Coñeces a súa obra literaria, Rosiña?

Rosa: Coñezo, como na vou coñecer: *Os dous de sempre. Memorias dun esquelete, Retrincos...* Ai! E as *Cousas*!!

Eladia: Castelao co libro *Cousas* inventa un novo xénero narrativo.

Rosa: Porque mestura texto e imaxe, e todo remexido para min ten máis sentido,



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia: A ti gústache porque son textos moi breves... pero, ollo, que moitos non son tan sinxelos como parece...

Rosa: E que me dis do libro no que conta a historia do esquelete ese?

Eladia: O libro do esquelete "ese" titúlase: *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*. Líchelo?

Rosa: Cala, cala, co caguiñas que son, eu non o quería ler, que son as memorias dun esquelete!!! Sabes???

Eladia: Sei!

Rosa: Menos mal que me atrevín. Así puiden ver a través do seu ollo de vidro os personaxes que habitan o cemiterio.

Eladia:.. os caciques, as criadas que morren polos abusos do dono, e ata personaxes estranxeiros que torturan a pequenos esqueletiños...

Rosa: Oes ata os mortos viven desigualdades sociais. Que agudo estivo aí Castelao!

Eladia: Agudo tamén estivo coa historia de Pedriño e Rañolas, no libro *Os dous de sempre*.

Rosa: A verdade é que mal acaban. Xa se vía vir! Un... veña comer e durmir... o outro...eivadiño...

Eladia: Si, Castelao sempre denunciando a situación as que máis sofren, as que menos teñen...

MÚSICA APARTADO MULLERES: "Himne de femmes" de Habelas Hainas.

Rosa: E falando das que menos teñen, Eladia, por fin as mulleres nos vemos representadas nalgunha das obras obras da época!!

Eladia: E vaia mulleres! Comezando polas nenas!!! Fillas da República que xa van á escola... respondonas, pensantes, críticas! Coma ti!

Rosa: Tamén atopamos mulleres coma ti, compañeira! En moitos dos seus debuxos aparecen mulleres cultas, formadas.



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia: Castelao ademais ilustra ás labregas, mulleres que cargan co peso da vida, soportadoras das inxustizas..

Rosa: tampouco esquece ás repudiadas, ás cegas que cantan, ás tolas que viven no monte...

Eladia: E a aquelas mulleres como a tía Ádega, da novela Dous de sempre, que conservan a tradición e que sosteñen co seu corpo a toda unha estirpe...

Rosa: Seremos, nós, as mulleres, coma a siña Sinforosa da obra Cousas, as mandadeiras que gardaremos e espallaremos a historia do noso pobo.

PECHE MULLERES: "Magriarcas", de Guadi Galego.

Eladia: Nun futuro, Castelao publicará unha das obras teatrais máis importantes da cultura galega.

Rosa: Si, cal?

Eladia: *Os vellos non deben de namorarse*

Rosa: Ah! Esta obra é a que se estrea a en Bos Aires, en 1941.

Eladia: xa que por causa da guerra Castelao se terá que exiliar.

Rosa: É unha obra que conta a historia de 3 velloucos que se namoran de 3 mozas....

Eladia: E rematan no cemiterio.

Rosa: E logo onde pensarían que ían acabar os coitados?

Eladia: Ai Rosiña, non quedes só co argumento. Castelao pensa que no teatro non só importa o texto senón tamén o vestiario, luces, música...

Rosa: Música???

Eladia: E logo! os personaxes cantan e bailan!!

SOA "LELA" DE MARÍA DO CEO



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Rosa: Encántame!! (Cantan) Ai lela lela...Leliña por quen eu morro. Vaia revolución foi isto para o teatro galego, non?

Eladia: Pois si, Rosa. E aínda que nos separase un enorme e profundo océano... está obra será fundamental para os autores posteriores.

Rosa: Interesantísimo! E non escribiu máis?

Eladia: Obras de teatro... non! o que si que nos chega desde alén mar é o seu *Sempre en Galiza*.

Rosa: A este libro chámanlle biblia do nacionalismo,

Eladia: Este ensaio recolle o pensamento político de Castelao. Escribiuno parte antes da guerra e outra xa no exilio.

Rosa: Vaia librazo! E longo ehh!!!

Eladia: É un libro moi extenso porque recolle anos de artigos, diarios, opinións políticas...

Rosa: E en galego!! que como ben dixo Castelao: Se aínda somos galegas é por obra e gracia do idioma!

Eladia: A lingua para Castelao é un dos piares fundamentais...

Rosa: Eladia, e por agora, e a pesar do que nos gusta a nós darlle á lingua... Vai sendo hora de rematar.

Eladia: Tes razón. Escoitámonos no próximo episodio...

Rosa: Porque...bo saber é calar...

Eladia: Ata que sexa tempo de falar.

MÚSICA DE PECHE ("Muiñeira" de Baiuca)

Rosa: Tódalas historias que aquí se relatan, teñen por obxectivo achegar a literatura galega ás xeracións máis novas.

Eladia: Certo é, que ás veces nos tomamos algunha licenza, únicamente coa fin de ilustrar mellor as nosas palabras.



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Rosa: Queremos agradecer a colaboración de tódalas persoas que nos axudaron ao longo deste proceso:

Eladia: O Consello da Cultura Galega que nos facilitou as palabras de Otero.

Rosa: Tamén, a todos os que nos emprestaron a súa música:

Eladia: O "Midas", de Tanxugueiras.

Rosa: O "Hymne de Femmes" de Habelas Hainas

Eladia: "Matriarcas", de Guadi Galego.

Rosa: "Lela", versionada por María do Ceo.

Eladia: ... e a "Muiñeira" de Baiuca.

Rosa: Grazas especialmente a todas e todos os que nos escoitades.

Eladia: Se vos gustou e queredes saber máis de nós seguídenos nas nosas Redes @lingua_a_pracer.

Rosa: Compartide coa vosa xente... para así espallarmos polo mundo ...

XUNTAS...a historia da nosa literatura!